

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### DESTINATARIA

### TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente **PUBLÍCASE** o literal do Decreto Decreto 240/2019 de 25/04/2019 no que se convoca a sesión Extraordinaria do Pleno do Concello.

**EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 30.04.2019**

**EXPEDIENTE Nº 2019/G010/000008**

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 30.04.2019**

**EXPEDIENTE Nº 2019/G003/000277**

**DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En virtude do disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral e en uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaria municipal o día 25/04/2019, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello **Pleno** á **sesión extraordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo **martes día 30 de abril de 2019, ás 14:15h** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

**ÚNICO.- SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E AO PARLAMENTO EUROPEO DO VINDEIRO 26 DE MAIO DE 2019.**

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal))

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).”

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria do concello de Pontedeume Dona Marta Cajide Barbeito. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo).